
**PREGUNTA PARA RESPONSA ESCRITA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA
SOBRE A RECEPCIÓN PARCIAL E A RECEPCIÓN FINAL DAS OBRAS DOS CONCHEIROS.**

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 2 de xuño de 2022 acordou o seguinte:

Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción parcial das obras de “Execución das obras definidas no proxecto denominado “Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros”.- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI.”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción parcial, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 2 de xuño de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción parcial, logo do estado das obras.

Posteriormente, con data de 4 de xuño de 2022, a web municipal informaba do seguinte:

“Este mediodía abriuse parcialmente ao tráfico a rúa de Concheiros, despois das obras de remodelación e humanización levadas a cabo polo Concello de Santiago”

Pasados dous meses deste acordo de Xunta de Goberno, non se ten coñecemento de ningún acordo máis relativo á recepción parcial das obras -ou como mínimo non constan na ficha do expediente 2021/00032042S- nin nas ordes do día facilitadas a posteriori da celebración das súas reunións.

En virtude do regulamento orgánico municipal, Marta Lois, portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta, presenta as seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta por **ESCRITO**:

- **No relativo a súa recepción, en que situación se encontran actualmente as obras dos Concheiros? Solicítase copia da acta de recepción parcial das obras.**
 - **No relativo á seguridade xurídica, en que situación se encontra actualmente o tránsito tanto de vehículos como de peóns na rúa de Concheiros?**
-

- **Que previsión ten o Concello para a finalización e recepción total das obras dos Concheiros?**

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2022

Marta Lois González
Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta